



AGARESO
Asociación Galega de Comunicación
para o Cambio Social



Creación de Audios pola memoria das mulleres (A memoria das esquecidas) é un proxecto de Agareso financiado polo Ministerio de Política Territorial e Memoria democrática polo que é gratuito para os centros participantes. Acabamos de saber que a cuarta edición está aprobada.

Nas tres edicións pasadas traballamos en 13 institutos, 4 na primeira, 5 na segunda e outros 4 na terceira. Neses obradoiros (**2 aulas** por centro, **3 obradoiros de 100 minutos** en cada aula) tentase que os alumnos e alumnas atopen historias de **mulleres que loitaron durante a Guerra Civil ou a dictadura**, sexa do xeito que sexa, para poder contar esas historias nun podcast que se poida logo usar para facer difusión.

Nunha primeira sesión falamos dos antecedentes da guerra, de cómo se desenvolveu e de todo o que veu despois. En todas esas fases facemos especial fincapé no papel da muller, por ser este moito máis descoñecido. Esta primeira sesión é bastante teórica porque ata o de agora atopámonos que saben bastante pouco sobre o tema. A sesión finaliza con unha parte práctica nos micrófonos onde reflexionan sobre o papel da memoria democrática na sociedade.

Nesta primeira sesión invitamos ao alumnado a que busque, na súa contorna (familiares, veciños e veciñas...) persoas que viviran directa ou indirectamente a vida franquista, que sepan historias de represaliadas ou poidan simplemente contarlles cómo era o seu día a día nesa época. Son os propios alumnos e alumnas os que gravan esas persoas e envían o audio ao profesor ou profesora para que este llos faga chegar á técnica do proxecto.

Na segunda sesión temos unha primeira parte na que se fala de censura, NODO, e medios de comunicación en xeral na época franquista. E despois xa pasaríamos a escoitar os audios que teñan. Estes audios estarán previamente escoitados e cortados pola técnica do proxecto para que sexa máis fácil escoitalos. Así, eu levarei varias tarxetas para dividir a clase en grupos e cada



AGARESO
Asociación Galega de Comunicación
para o Cambio Social



grupo terá unha parte do podcast, o que estará representado nesa tarxeta. Polo medio das partes que eles escriban irán os audios logrados.

A terceira sesión é para rematar textos, ensaiar e gravar todo.

Despois a técnica do proxecto editaría todo e pasaríavos o audio completo. Como ves, é bastante importante o papel do profesor, pois é quen se encarga de insistirlles para que graven e solucionar os problemas que vaian atopando, aínda que eu estarei dispoñible sempre. Podes escoitar aquí os podcast de anteriores edicións: <https://www.agareso.org/gl/que-facemos/memoria-democratica/>

A nivel loxística o que considero máis importante é, por un lado a implicación do profesorado, e por outra, a calendarización. Trabállase en dúas aulas por centro, por separado. Pero cada aula ten 100 minutos cada sesión, para nós é importante que eses 100 minutos sexan seguidos. E que no mesmo día poidamos traballar coas dúas aulas, para aproveitar a viaxe. É dicir, se traballamos con 1ºA e 1º B, que poida ser, dúas horas lectivas seguidas con 1ºA e no mesmo día facer as outras dúas con 1ºB. Así as tres veces que visitamos o centro.

Neste momento atopámonos en fase de selección de centros, que se fará en base a diversos criterios entre os que tamén poden estar cuestións loxísticas para aproveitar o orzamento adxudicado.

Graciñas

Verónica Couto

veronica@agareso.org